

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre os riscos naturais e as posibles respostas fronte a eles

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	10
ADMINISTRACIÓN:	CIDADANÍA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2008
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

RESPONSABLE: CALVO BLANCO, JOSÉ ÁNGEL [anxo.calvo.blanco@xunta.es]

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

Os riscos naturais implican un perigo crecente para o normal desenvolvemento da sociedade. O cambio climático e as ondas estrañas constitúen dous exemplos destes riscos. Aínda así, estes riscos poden controlarse perfectamente dun xeito económico e que amais supoña ganancias de riqueza para a sociedade. Para conseguilo cómpre coñecer os riscos, as reaccións sociais cara a estes, e as novas teorías que enfrontan a economía desde unha postura de non-equilibrio.

A xornada estrutúrase en dous bloques: no primeiro describíranse os dous problemas mencionados, o cambio climático e as ondas estrañas, pola súa importancia, e porque representan dous bos exemplos de riscos naturais aos que o ser humano estivo exposto desde sempre, e que arestora están nun proceso de aceleración.

No segundo bloque analizaranse as reaccións sociais fronte ao risco e as respostas posibles tanto desde un punto de vista social como empresarial e económico. Insistirase sobre todo neste último aspecto porque na economía tradicional adóitase dicir que é demasiado «caro» atallar os riscos, verbi gratia, a adopción de medidas contra o cambio climático. Os resultados das novas teorías económicas, non lineais e afastadas do equilibrio indican que non só non é custoso combater os riscos, senón que é altamente beneficioso para a sociedade.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Serán tratados entre outros os seguintes temas:

- O cambio climático: unha revisión crítica do concepto de risco.
- O risco do cambio climático: procesos de realimentación positiva e aceleración.
- As ondas estrañas e o risco no mar.
- A socioloxía do risco.
- A reacción persoal e social fronte o risco.
- A problemática da teoría económica tradicional.
- Vertidos accidentais de hidrocarburos no mar e risco na costa. A experiencia do Prestige.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado pola capacidade do local.
--

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA	INICIO / FIN: 31/01/2008 a 01/02/2008
---	--

NUM. PRAZAS: 200	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	DATA EXAME:
-------------------------	--	--------------------

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE
